

Acta 26 Setembro de 2013

Proxecto Cárcere volta, por fin, das vacacións de verán e este mes de setembro temos asemblea xeral de novo. Na Casa da Fariña (Azcárraga 1). A orde do día é como sigue:

1. Aprobación da acta de xullo.
 2. Grupos de traballo (Estado de contas)
 3. Valoración do Arquitecturas Colectivas
 4. Valoración do encontro na UFA Fabrik
 5. Participación na Casa Tomada
 6. Documental de Espacio Tangente
 7. Jail Art
 8. Plans de futuro
 9. Varios
-

Fora de acta. Comentar a experiencia en Portugal de Vale da Lama (<http://www.valedalama.net>).

- 1. Aprobación da acta de xullo.**

Apróbase a acta de xullo sen ningunha discusión.

- 2. Grupos de traballo (Estado de contas)**

O **estado de contas** son números verdes. Interesa ter algún novos ingresos?? Gastos constantes sería o programa de CUAC (12,50€). Recaudar a través da barra da Casa Tomada; organizando algo dentro.

Seguir pensando no mesmo ritmo de antes, estudar os exemplos que poden. Saber a implicación de todos neste tipo de actividades, rotación de xente

Llevar a Ale camisolas (L + S ou M)

Grupo de traballo de Ondas do Cárcere

Posibilidade de facer un só programa o mes pero de dúas horas, ou seguir como ata agora de dous días o mes. Desde CUAC gústalle que haxa un colectivo levando un programa.

Posibilidade de renovar os grupos igual que se fixo o ano pasado, pero esto dependerá dos plans de traballo.

3. Valoración do Arquitecturas Colectivas

[...]

Debate entorno a BIC. Saber outro edificio que fose simbólico e que se estea a transformar. Patxi fala con Carril para decir que en principio non nos interesa e Alberto fala con María Masaguer (Niquelarte).

4. Participación na Casa Tomada

A colaboración desde o principio non tivo lugar; pero apostar de sobrepasar o resquemor e entrar a propor certas actividades como proporíamos no cárcere. Dinámica de actividade desde PC cada certo periodo de tempo.

Esta chamando a moita xente diversa, a que poder acceder. Exemplo levar a actividade de Jail Art.

Falar con eles a maneira de concretar. Ter unha reunión con eles e comentalo, con Óscar. Posibilidade de seguir traballando na rehabilitación ou colaborar a propor actividades.

Ter claros nós antes nunha reunión como se queremos participar, se fusionarnos ou encargarnos un día a semana.

5. Documental de Espacio Tangente

Buscar un lugar para facelo, que eles só poderían o fin de semana, estamos a espera de resposta da Luis Seoane, posibilidade de ser o 19 de Outubro. Posibilidade de buscar outro sitio.

Necesario confirmar coa xente de Burgos (falará Patxi)!!! Insistir a Silvia Longueira

6. Jail Art

Convocatoria de exposición.

Posibilidade de exportar o Jail Art os colexios, proposto por Ánxo (chamará Patxi) que é profesor de uns instituto de moveiro por outro máis.

Facer unha presentación desde a Casa de A Fariña, que se manteña durante 15 días; posibilidade de comezar o 20 de novembro. Despois se translada os distintos espazos contactados. Facer o calendario de outros espazos.

Facer unha comisión de Jail Art (Javi, Mariola, Carmen, Alberto, Carlos)

Falar con Carlos para facer a catalogación das obras que temos.

7. Plans de futuro

Posta en común do traballo planteado fai uns meses do traballo de cara o futuro. Ata o ano 2015 non hai posibilidade de facer nada no cárcere. E un ano e medio de traballo de entrada no deserto.

En decembro en teoría cambiaba do SIEP o concello.

Posibilidade de retomar a labor de difusión, xa que non se falou coas asociacións da cidade. Facer o traballo na rúa directo.

Desafío de utilizar a Casa Tomada como banco de probas do traballo no futuro no cárcere. 4º ano poñernos man a obra (para demostrar que podemos).

1- inicio

2- estudio de viabilidade

3- difusión (con máis ou menos éxito)_ máis éxito fóra que dentro

4- ...

Expandir a idea entre os colectivos da Casa Tomada

Incluír moitas máis asociacións; facer un plan de viabilidade con fases e que sexa viable de utilización do espazo.

Seguir o que iniciamos o ano pasado; Xestión e Financiamento facer a proposta de como sería poñer a punto o corpo de benvida. Proxecto concreto para presentar ao concello. Continuar nas liñas que nos interesa máis: participar na rede galega de espazos comúns; reunións coa xente de cultura da cidade (gusta como esta plantexado) facer liña de mails; ter en conta outros proxectos físicos para utilizar o que temos; tema da divulgación ante a

ciudadanía (contacto directo coas persoas, na rúa) actividades de detrás do cárcere espazos próximos IES. A nivel prensa estamos moi ben.

Cadeia en Lagos, ceder un espazo porque é público, incidir neste sentido. Ir pouco a pouco a algo máis concreto.

Pasar a acción!!! Concretizar para poder levar a cabo; despois de que exista a cesión. Estar máis na boca da xente.

Colaborar coa Casa Tomada e elaborar un proxecto máis específico; máis credibilidade cara fóra. Rede galega e básico como aprendizaxe; e a divulgación un traballo que estabamos facendo e debemos seguir facendo.

Manter o trato cordial cos partidos políticos; entrar coa provocación co Concello; buscar estratexias de conflito.

Enfocar o rueiro moito; enterarse Monte Alto!!! Con vemenia, aluguer, provocar pedindo un aluguer. Opcións vementes creativas!!!

"Acosar o barrio de Monte Alto en amarelo"

Plantexar alugar un local autónomo para Proxecto Cárcere; "car buy day"; recompilación do rueiro fotografías do cárcere ou do rueiro; motivo máis de propagación de que hai un barrio que ten un cárcere.

Ter contacto coa asociación de veciños de Oza, asociación Gaiteiros-Os Castros que reivindica o uso do Faro.

Definición dos grupos de traballo:

- Xestión e Financiamento (Lydia, Mariola, Alberto)
- Comunicación e Divulgación (Ale, Laura, Pepe)
- Grupo Entrada (Ale, Javi, Patxi)
- Grupo Radio (Tono, Carmen, Pepe, Alberto)
- Comisión Jail Art (Javi, Mariola, Carmen, Alberto, Carlos)

8. Valoración do encontro na UFA Fabric

A nivel persoal moi ben; o espazo espectacular. Vinte persoas participando, con xente de La Nave de Canarias.

A comida foi un tema importante. Interesante o traballo de construción sustentable. Situación dos espazos grupais. Meditación.

Ter moitos contactos coa Rede TransEurope Halls, a nivel do concello poderían interesar máis. Facer un proxecto a corto prazo no que se pida un aluguer, podería ser un incio; xa que ninguén tivera un espazo cedido. Avanzar os poucos!!! Ter contactos coa Universidade.

9. Varios

Suzi vai facer un paréntesis na colaboaración con Proxecto Cárcere;

Dinorah plantea donar o seu proxecto a Proxecto Cárcere;

Parte integrante de Galicia álbum para que aparezca o noso logo; se decide pola rede.

Compartir a información a través de Ubuntu One.

Actividade da Rede Tranibérica, facer en todos os espazos un día determinando proxeccións de videos. Máis información e en principio si.